

O sector reiterou o seu ofrecemento de seguir atendendo os servizos tras agosto con algunha modificaciön para dar tempo á Administraciön a elaborar un proxecto alternativo</h3>

A Xunta constata que está completamente soa na defensa do seu plan de transporte

<p align="center">

<p>

[illegible]

<p>

<p>

 Lembraron a conselleira e sindicatos que calquera negociación sobre o convenio colectivo está hoxe supeditada “a un plan que implica menos postos de traballo e precarización das condións laborais”.</p>

<p>

<p>

Está completamente de acordo coa subrogación dos traballadores, pero o proxecto da Xunta nin a contempla nin permite que se produza nunhas condicións razoables, pois condena ao sector a contratar ao persoal por horas e a salario base.

<p>

<p>

Santiago (16-06-17).As federacións de transporte de viaxeiros en autobuses en Galicia insistiron hoxe ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda na necesidade de paralizar o novo Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia e retomar a elaboración "con rigor, calma e profesionalidade", realizando un traballo de campo previo que reflecta a realidade e dea resposta ás necesidades do sector, tanto para empresas como para empregados e usuarios. Neste sentido, reiteraron o seu ofrecemento de seguir atendendo os servizos a partir do mes de agosto (cando terían efecto as decisións das empresas de deixar e prestar os servizos pola nula rendibilidade) para dar tempo a iniciar a elaboración dun proxecto alternativo.

<p>

A reuni n desta ma n, convocada pola Conseller a con motivo da folga que as centrais sindicais anunciaron para os martes e m rcores a partir o pr ximo 20 de xu o, serviu para constatar que a Administraci n est  completamente soa na defensa do seu plan de transporte, unha vez que as Anpas volveron reiterar onte a trav s dun comunicado p blico as súas demandas.

<p>

Os representantes empresariais, pola súa banda, volveron deixar claro que a crítica situación actual, coa maior das concesións de licenzas interurbanas cun futuro incerto pola súa nula rendibilidade, é unicamente responsabilidade da propia Xunta de Galicia, "que quen ten as competencias para garantir un servizo público esencial e facelo de xeito que sexa viable para o tecido empresarial". Recordaron, neste sentido, o lanzamento no ano 2009 dun plan de modernización (que esixiu ás empresas anticipar millóns de euros de investimento) finalmente anulado polo Supremo, nunha sentenza que non afectou ao transporte escolar, e insistiron na pasividade da Consellería para afrontar desde hai anos, antes incluso de que o alto tribunal convulsionara o sector, a imprescindible reestruturación dun mapa de rutas desactualizado para o século pasado.

<p>

As federacións lembraron tamén titular de Infraestruturas e Vivenda e aos sindicatos que calquera negociación sobre o convenio colectivo está hoxe supeditada a un proxecto que implica menos postos de traballo e precarización das condicións laborais, extremo no que coinciden os representantes do persoal e que xerou a convocatoria de folga. As empresas, loxicamente,

non apoian o paro, aínda que entenden a postura e o malestar das centrais. Mostraron mesmo a súa total disposición a subrogación dos traballadores, pero sosteñen que o proxecto da Xunta nin a contempla nin permite que se produza nunhas condicións razoables, pois condena a contratar ao persoal por horas e a salario base.

<p>

Non obstante, a posibilidade de que o denominado Plan de Transporte Público se reconduza atendendo ás opinións de sindicatos e empresas, está hoxe máis preto que onte.